

# NO MÁIS ALTO

Hong Sang-soo, 2022

# 1162

ESTREA EN NUMAX: 25.08.2023 | V.O.S.G. | 97 min

Un director de cinema de mediana idade visita coa súa filla, á que non vira durante anos, un edificio propiedade dunha deseñadora de interiores. Están alí porque é o que quere estudar a súa filla. A deseñadora ensínalles andar por andar as reformas que realizou. Os tres entran nos cuartos de cada andar a botar unha ollada. O filme comeza desta maneira e despois comezamos de novo desde abaixo e ascendemos piso a piso.

«Aliméntase da súa extrema sinxeleza coa mesma paixón coa que o fai da súa desbordante melancolía»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Algúns apuntamentos de Hong Sang-soo e Kwon Haehyo

### A honestidade

Hong Sang-soo: Non sei canta honestidade se precisa para ser un bo director, pero a miña inclinación natural é ser honesto. Cando comecei a facer cinema era unha especie de rebelde que quería derribar barreiras. Así era cando era un adolescente, diso hai xa moitos anos. Co tempo dinme conta de que, para romper esas barreiras, esas falsas barreiras que se crearan na miña mente, o que tiña que facer sinxelamente era expresar como me sinto en cada momento da miña vida. De aí nace a intimidade dos meus filmes. Nunca pensei que os filmes deban ser unha autobiografía do autor por si mesmas. Non hai ningunha escena que replique feitos ou situacións que me pasaron a min. Utilizo vivencias que me ocorren a min ou cousas que lles escoitei a outros. Por suposto que hai cousas miñas nos meus filmes, desde que tiña vinte e pouco anos ata a actualidade, pero tamén de historias que escoitei. Son fragmentos dispersos da miña vida. O meu traballo non ten realmente vocación autobiográfica pero, dado que fixen estes filmes e sempre quixen ser moi honesto, en certo modo, poden ter algo de autobiográfico. (Referíndose ao personaxe de Byungsoo interpretado por Kwon Haehyo) Eu creo que os tres son moi achegados a min, tanto o que bebe, como o que é vexetariano ou o carnívoro. Como xa argumentei antes, aínda que a acción poida provir dunha experiencia moi achegada, que me ocorrera uns días antes e o utilice no filme, non sinto que sexa eu; é como se se tratase de algo alleo que debo encarar cando fago o filme. Rodei algo no abril pasado e utilicei moitos deses diálogos que xurdiron cando estaba cos actores. Algúns poden pensar que son algo preguizoso porque copiei algo que me dixeron no mes de abril; pode ser moi próximo ou achegado nun marco temporal, co agora, pero sinto que é un material moi apropiado para usar no filme. É un cambio gradual. Cando empecei a facer filmes, as miñas vivencias eran moito máis afastadas. Pero hoxe en día, por exemplo, podo usar todo o diálogo dun feito que sucedeu onte e non vexo ningún impedimento en reutilizalo na rodaxe.

### A embriaguez

HS: Escoitei que á xente lle gusta ver os meus filmes en soidade mentres toman un trago. Quizais esta lembranza pasoume pola cabeza mentres escribía o guión. En calquera caso, eu non o recomendaría, pero iso depende de cada un.

Kwon Haehyo: Nos filmes de Hong de agora consúmese menos alcol ou consúmese un alcol máis suave. Aínda que durante a rodaxe das escenas bebo moito, como estou moi concentrado no papel nunca chego a emborracharme. Actúo como se estivese bébedo, pero iso non quere dicir que realmente o estea; como hai que repetir as tomas, sempre procuro estar moi atento. Outros actores posiblemente beban agua, pero eu non. Eu tomo alcol.

### A música

HS: Escribín a música hai uns cantos meses. Teño unha colección de temas. Toco coa miña guitarra e un pequeno piano, así que grávoos primeiro e logo, durante a montaxe, escollo a peza que máis me encaixa coa escena.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Cofre Hong Sang-Soo,*  
Hong Sang-Soo.  
Intermedio [DVD]

*Ahora si, antes no,*  
Hong Sang-Soo.  
Cameo [DVD]

*Lo tuyo y tú,*  
Hong Sang-Soo.  
Cameo [DVD]